



CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Ocupación en establecimientos regrados

Xullo 2018

Este breve informe recolle unha síntese provisional da conxuntura turística de Galicia correspondente ao **mes de xullo de 2018**, medida a partir dos datos de ocupación nos establecementos de aloxamento regrado da comunidade –establecementos hoteleiros, apartamentos turísticos, cámpings e establecementos de turismo rural- fornecidos polo INE. Realízase, neste sentido, unha análise global para o conxunto do sector previa a un estudo máis pormenorizado en cada unha das tipoloxías de aloxamento mencionadas.

A análise realízase cunha perspectiva temporal para observar dinámicas de comportamento en relación ao pasado ano 2017 e anteriores.

XULLO 2018


Tab 1. Viaxeiros, noites, estada media e grao de ocupación nos establecementos regrados. Xullo 2018

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIRO		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17	%	Var. Int. 18/17
HOTEIS	399.599	-9,4%	944.252	-8,2%	2,36	1,4%	56,69%	-4,63
PENSIÓNS	98.093	-32,8%	183.465	-22,8%	1,87	14,8%	32,43%	-2,60
ESTAB. HOTELEIROS	497.692	-15,2%	1.127.716	-10,9%	2,27	5,1%	50,50%	-3,18
APTOS. TURÍSTICOS	20.688	-10,6%	82.590	-17,9%	3,99	-8,2%	42,81%	-10,09
CÁMPINGS	74.396	-8,7%	302.788	-3,4%	4,07	5,8%	33,25%	-2,21
TURISMO RURAL	28.525	-10,4%	62.066	-18,4%	2,18	-8,9%	29,87%	-5,95
ESTAB. EXTRAHOTEL.	123.609	-9,4%	447.444	-8,7%	3,62	0,8%	-	-
TOTAL	621.301	-14,1%	1.575.160	-10,3%	2,54	4,5%	-	-

- En xullo de 2018 obsérvase un comportamento negativo da demanda turística regrada no conxunto da comunidade. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados cae un 14,1% e o volume de noites un 10,3% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Con este descenso rómpese unha tendencia de crecementos consecutivos nos últimos cinco anos. Logo das caídas rexistradas en 2011 e 2012 –por mor do efecto pos-Xacobeo nun contexto de crise- os niveis de demanda recupéranse levemente en 2013 cunha suba do 2,9% que precede aos incrementos posteriores do 5,6% en xullo de 2014, do 14,7% en 2015, do 13,5% en 2016 e do 3,1% no pasado ano 2017. Esta dinámica colocou o nivel do mes de xullo en máis de 1,75 millóns de noites. Coa caída deste ano o volume final fica en máis de 1,57 millóns de noites – cifra inferior á de 2016 e 2017 máis superior a toda a serie anterior-.
- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica difire levemente. Neste caso o descenso do 14,1% engádese á leve caída do pasado ano –pouco perceptible, do 0,4%- o que sitúa o nivel final en algo máis de 621 mil viaxeiros no conxunto da comunidade –a cifra máis baixa dos últimos catro anos-. Acontece tal circunstancia logo de encadear catro anos consecutivos de crecemento, de 2013 a 2016.
- O dato de xullo mantén dalgunha maneira a tendencia irregular que a demanda presenta neste 2018, con incremento en xaneiro –do 4,3%-, estancamento en febreiro, nova suba en marzo –do 21,4%-, caída en abril –do 20,3%- para volver a estancarse en maio e novo descenso en xuño –

do 6,2% que precede á caída deste último mes. O cómputo global da como resultado que no conxunto dos primeiros sete meses do ano o nivel de demanda turística regrada en Galicia descende un 5,5% en relación ao mesmo período de 2017 –rexistrando algo máis de 5,1 millóns de noites-. Mantense, por tanto, a dinámica irregular do primeiro semestre do ano sendo que a caída de xullo supera en volume ás variacións rexistradas nos outros seis meses considerados.

Fig. 1. Volume de noites nos establecementos regrados. Mes de xullo 2005-18




- En termos de volume as variacións deste mes tradúcense, nun sentido estrito, na perda de máis de 102 mil viaxeiros aloxados e de case 181 mil pernoctacións en relación ao mes de xullo de 2017.
- A nivel estatal rexístrase igualmente un descenso, pero de menor intensidade, tanto da cifra de viaxeiros aloxados –do 2,2%- coma do volume de noites –do 2,8% neste caso-.
- Obsérvase un comportamento dispar da demanda regrada a nivel das comunidades autónomas. Seis delas amosan unha dinámica positiva, superando os niveis do pasado ano. O crecemento de maior intensidade rexístrase en Castela A Mancha, destino que presenta unha suba do 5,1%. Seguen en orde de importancia Madrid e o País Vasco, con incrementos por encima do 3% interanual.
- A demanda mantense estable en Murcia e Baleares, e descende nos nove destinos restantes, con diversa intensidade. Estremadura marca a caída máis suave –do 0,6%, circunstancia que permite falar máis ben de certo estancamento-. No lado contrario é Navarra o destino que rexistra neste mes o descenso máis acusado, do 13,0% neste caso. Asturias e Galicia rexistran tamén caídas importantes, levemente por encima do 10% interanual.
- Do lado dos viaxeiros aloxados o panorama é semellante sendo neste caso Madrid o destino de crecemento máis notable, do 5,4%. Galicia rexistra, en cambio, a caída de maior intensidade, do 14,1%.
- Desde a perspectiva do volume Galicia ocupa neste mes a sétima posición representando o 2,5% do total de España –posición máis elevada á rexistrada nos primeiros meses deste ano-. Cataluña é o destino de maior peso en termos de demanda turística regrada con máis de 13,2

millóns de pernoctacións no mes de xullo –o 21,3% do total-. Sitúanse a continuación Baleares –con máis de 12,9 millóns de pernoctacións-, Canarias –con máis de 9,2 millóns-, Andalucía –con máis de 8,9 millóns-, a C. Valenciana –con máis de 6,5 millóns- e Madrid –con preto de 2,5 millóns neste caso-. Só estas seis comunidades agrupan ao 85,7% do total da demanda turística regrada do conxunto de España.

- En xullo o 71,6% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 59,9%- coma ás pensións –co 11,6% neste caso-. O 28,4% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 5,2% da demanda total-, aos cámpings –co 19,2%- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 3,9% neste caso-.
- Tal como corresponde a un mes de temporada alta, os cámpings adquiren un peso importante neste mes de xullo modificando a estrutura da demanda regrada en función da modalidade de aloxamento. Contráponse isto ao que acontece en temporada baixa, por exemplo, cando o peso dos cámpings apenas chega ao 1% do total.


Fig. 2. Peso das diferentes modalidades de aloxamento regrado. Xullo 2018



- Por tanto, o comportamento global da demanda turística regrada vén unha vez máis moi condicionada pola evolución rexistrada nos establecementos hoteleiros, e particularmente nos hoteis. Continúa a ser a tipoloxía de maior volume e peso na estrutura da demanda a pesar de que neste mes diminúe a súa representatividade por mor da presenza dos cámpings.
- En relación coas tipoloxías de aloxamento obsérvase neste mes un comportamento homoxéneo, con caídas xeneralizadas de diversa intensidade. Os descensos máis acusados residen en tres modalidades: nas pensións –do 22,8%-, nos apartamentos turísticos –do 17,9%- e nos establecementos de turismo rural –do 18,4% neste caso-.
- Nos hoteis e nos cámpings a caída é relativamente máis suave, menos acusada –do 8,2% nos primeiros e do 3,4% nestes últimos-.
- En todas as tipoloxías a caída da demanda provén basicamente dun descenso da cifra de viaxeiros aloxados, de similar intensidade en cada unha delas en relación á variación das noites.


- Nunha perspectiva global obsérvase que cae a demanda tanto no ámbito hoteleiro –un 10,9%– coma no conxunto do segmento extrahoteleiro –un 8,7% neste caso–.

Fig. 3. Variación interanual dos viaxeiros e noites en estab. regrados. Xullo 2018/17, por tipoloxías




- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na perda de pouco máis de 138 mil noites no segmento hoteleiro e de preto de 43 mil noites no ámbito extrahoteleiro en relación ao mes de xullo do pasado ano. O comportamento é, por tanto, homoxéneo.
- Dentro do segmento hoteleiro xa se viu un comportamento paralelo entre os hoteis e as pensións. Tal circunstancia trasládase ás diferentes categorías, observándose caídas de diversa intensidade. Os descenso máis notables concéntranse no segmento de categoría baixa –un 19% nos hoteis dunha estrela e un 23% tanto nas pensións de tres e dúas estrelas como nas de unha estrela–.
- O comportamento mellora en termos relativos a medida que sobe a categoría, fixándose o descenso no contorno do 8-10% no segmento medio –hoteis de tres e dúas estrelas– e quedando en tan só o 2% nos hoteis de máxima categoría –catro e cinco estrelas–.
- Neste mes de xullo o 82% da demanda turística regrada corresponde ao turismo nacional, segmento que inclúe tanto ao turismo interno –o dos residentes en Galicia– como ao receptor nacional –aqueles que proveñen das restantes comunidades autónomas do Estado–. O 18% restante corresponde en cambio ao turismo internacional. Estas porcentaxes están referidas ás pernoctacións e aseméllanse en parte á estrutura observada en termos de viaxeiros –neste ámbito o peso do turismo nacional sitúase no 75% mentres que o internacional representa o 25%–.
- Esta distribución é propia dun mes de temporada alta no que o peso do turismo nacional supera o 80% e, por tanto, o do internacional fica por debaixo do 20% –marca diferenza cos meses de temporada media cando, por exemplo, o peso do turismo estranxeiro chegaba ao 34% do total–.

Fig. 4. Peso dos mercados nacional e estranxeiro no conxunto da oferta regrada. Xullo 2018



- En termos de mercado obsérvase un comportamento homoxéneo e negativo neste mes de xullo, con caídas de diversa intensidade. O turismo nacional cae un 8,6% como consecuencia esencialmente dun descenso da cifra de viaxeiros españois, do 13,0% nun contexto de certa mellora da estadía media.
- Contraponse esta caída aos incrementos rexistrados nos últimos cinco anos, con notable intensidade en 2015 e 2016, que levaron a acadar máximos históricos en xullo do pasado ano con máis de 1,4 millóns de noites. A caída deste ano sitúa o nivel final en preto de 1,3 millóns – cifra inferior á dos dous últimos anos máis superior a toda a serie anterior-.

Fig. 5. Variación interanual dos viaxeiros e pernactacións por procedencia, nos estab. regrados. Xullo 2018/17




- O turismo internacional presenta tamén unha dinámica negativa con descensos importantes e paralelos tanto da cifra de viaxeiros aloxados –do 17,3%- coma do volume de pernactacións –do 17,2% neste caso-. Contrasta este descenso coas subas rexistradas nos cinco anos anteriores, rompendo por tanto a dinámica positiva que o mercado internacional tiña en Galicia no mes de

xullo e que o levara a rexistrar cifras históricas. Esta caída sitúa o nivel final en 287 mil noites – a cifra máis baixa dos últimos catro anos-.

- O peor comportamento relativo do turismo internacional fronte ao nacional conleva unha perda de peso no conxunto da demanda de case dous puntos neste caso, para situarse no 18,2% do total. O mercado nacional supón, en cambio, o 81,8% do total das noites no aloxamento regrado. Ambas porcentaxes difiren das rexistradas en temporada media –en maio e xuño, por exemplo- mais son propias dun mes de temporada alta –onde o mercado nacional ten unha importante presenza na nosa comunidade-.
- O comportamento dos dous segmentos de mercado mantense en relación ás grandes tipoloxías de aloxamento. O mercado nacional descende tanto no ámbito hoteleiro –un 9,2%- coma no extrahoteleiro –un 7,2% neste caso-. O internacional amosa tamén un comportamento negativo que se traslada tanto ao segmento hoteleiro –cunha caída do 17,1%- como ao extrahoteleiro –do 17,4% neste caso-.
- A estadía media nos establecementos regrados de Galicia sitúase en 2,54 noites, cifra que se incrementa en relación ao pasado ano –un 4,5% en particular-. É o terceiro ano consecutivo no que sobe a estadía media no mes de xullo, circunstancia que permite mellorar en máis de tres décimas o dato de 2015 –cando se situaba en 2,2 noites de media-. Con isto Galicia recupera os niveis de inicio da década asemellándose ao valor do último ano Xacobeo.


Fig. 6. Estadía media nos establecementos regrados. Xullo 2018



- Os apartamentos turísticos e os cámpings son as modalidades que presentan as estadías máis elevadas, con 4,0 noites de media nos primeiros e con 4,1 noites nos segundos neste mes de xullo. As restantes tipoloxías rexistran cifras máis baixas, situándose por encima das dúas noites nos hoteis e nos establecementos de turismo rural e ficando xustamente por debaixo das dúas noites nas pensións –concretamente con 1,9 noites neste primeiro mes do verán-.
- En termos dinámicos a estadía media varía de forma dispar en relación coas diferentes tipoloxías. Mantense practicamente invariable nos hoteis, sobe e mellora nas pensións –un 15%- e nos cámpings –un 6% neste caso- e descende nos apartamentos turísticos –un 8%- e nos establecementos de turismo rural –un 9% neste caso-.

- En comparación coas restantes comunidades autónomas a cifra de Galicia sitúase nunha posición intermedia superando os valores de oito comunidades autónomas. Novamente Canarias –cunha media de 7,4 noites- é o destino que rexistra o valor máis elevado de toda España. Con 6,1 noites sitúanse a continuación Baleares, por diante da C. Valenciana e de Cataluña –ambas por encima das catro noites de media-. No lado contrario é Estremadura o destino que presenta o valor máis baixo con 1,8 noites de media.

Fig. 7. Ocupación por prazas e variación interanual en estab. regrados. Xullo 2018



- Desde o punto de vista da ocupación a dinámica é parella. Descende en todas as modalidades por mor da caída da demanda nun contexto de estabilidade xeneralizada da oferta dispoñible – agás no caso das pensións onde o volume de prazas estimadas cae un 17%-. A caída máis acusada do nivel de ocupación reside nos apartamentos turísticos, cun descenso de dez puntos porcentuais. Nos hoteis o descenso sitúase próximo aos cinco puntos mentres que nos establecementos de turismo rural achégase aos seis puntos.
- No lado contrario nas pensións e nos cámpings a caída sitúase levemente por encima dos dous puntos porcentuais.
- Os hoteis son a modalidade de aloxamento que presentan o nivel de ocupación máis elevado cun 56,7% de media neste mes. No lado contrario, a porcentaxe máis baixa sitúase nos establecementos de turismo rural –cun 29,9% neste caso-.